- Amosa sensibilidade polos problemas do mundo actual, implicándose nas súas posibles solucións.
- Comprende a orixe e evolución das cidades como resposta ás necesidades sociais.
- Identifica os distintos sectores e funcións do espazo urbano.
- Analiza os principais problemas urbanos.
- Le e interpreta planos urbanos.
- Comprende a transcendencia da ruptura da unidade do mundo mediterráneo e a configuración de tres modelos de civilización distintos: Bizancio, o Islam e a Cristiandade latina.
- Identifica e describe os aspectos socioeconómicos, políticos e ideolóxicos da Europa feudal e a súa evolución ata a aparición do Estado moderno.
- Caracteriza e sitúa cronoloxicamente os distintos estilos artísticos que se localizan na Idade Media.
- Distingue e sitúa no tempo e no espazo as diversas unidades políticas que se sucederon ou coexistiron na Península Ibérica durante a Idade Media, analizando os seus aspectos comúns e as súas peculiaridades.
- Percibe a transcendencia dos aspectos culturais da Idade Media e a súa contribución á riqueza do noso patrimonio histórico-artístico.
- Identifica e describe distintos tipos de fontes históricas.
- Obtén información relevante a partir de diferentes tipos de documentos (textos, gráficos, mapas ...) e distingue os datos obxectivos das interpretacións.
- Coñece o significado de termos xeográficos, históricos e artísticos e emprégao axeitadamente.
- Realiza, individualmente ou en grupo, algún pequeno traballo de investigación sobre algún feito de interese histórico ou xeográfico da contorna.

MÍNIMOS ESIXIBLES TERCEIRO CURSO

- Interpreta e manexa planos e mapas de distintas características e escalas.
- Enuncia as posibles utilidades dun mapa ou plano.
- Localiza nun mapa as comunidades autónomas españolas, coas súas respectivas capitais.
- Localiza nun mapa os países integrantes da Unión Europea.
- Coñece a organización político-administrativa e territorial galega e española.
- Coñece as principais institucións da Unión Europea e a súa función.
- Analiza a situación de Galicia en Europa.
- Diferencia monarquía e república, ditadura e democracia, estado unitario e estado federal, nación e estado.
- Identifica os factores condicionantes e os elementos da paisaxe agraria.
- Caracteriza e localiza os distintos espazos agrarios.
- Describe a paisaxe agraria galega.
- Coñece os principais problemas da agricultura e a pesca en Galicia, España e o mundo.
- Explica que é unha materia prima e unha fonte de enerxía.
- Diferencia as distintas fontes de enerxía.
- Localiza nun mapamundi os principais produtores de materias primas e fontes de enerxía.
- Cita os principais tipos de industrias e os factores de localización industrial.
- Coñece os principais problemas da industria.
- Identifica as principais actividades terciarias.
- Coñece os factores de localización e a distribución das actividades terciarias e o seu papel na xerarquización do espazo en Galicia, en España e no mundo.
- Valora o impacto medioambiental das actividades terciarias.
- Coñece os grandes ámbitos culturais, xeopolíticos e económicos do planeta e localízaos nun mapa.
- Analiza as relacións económicas entre os países do mundo, xeradas pola produción e o consumo de bens.
- Rexeita as inxustizas que se poden derivar das desigualdades na propiedade económica entre distintas persoas e pobos.
- Le, interpreta e elabora gráficos e diagramas de distinto tipo a partir de táboas e cadros estatísticos.
- Elabora mapas físicos, políticos e temáticos sinxelos.
- Realiza, individualmente ou en grupo, algún traballo de investigación sobre algún feito local de interese xeográfico.
- Coñece as causas e consecuencias dos grandes descubrimentos xeográficos.
- Localiza nos mapas as principais viaxes de descubrimento e as colonizacións, así como as culturas precolombinas.
- Identifica os rasgos característicos das monarquías autoritarias e coñece os seus principais representantes.
- Distingue os principais momentos na formación e evolución do Estado moderno e destaca os feitos máis relevantes da monarquía hispánica.

- Analiza os cambios de mentalidade que caracterizan a Modernidade e, en concreto, describe os trazos básicos do Renacemento e a Reforma.
- Coñece as causas e manifestacións da decadencia do século XVII.
- Analiza e comenta as obras máis importantes do Renacemento e do Barroco.
- Identifica e describe distintos tipos e fontes históricas.
- Coñece o significado de termos xeográficos, históricos e artísticos e emprégao axeitadamente.
- Obtén información relevante a partir de diferentes tipos de documentos (textos, gráficos, mapas ...) e distingue os datos obxectivos das interpretacións.
- Participa en debates e discusións sobre temas de actualidade.
- Realiza, individualmente ou en grupo, algún pequeno traballo de investigación sobre algún feito de interese histórico ou xeográfico da contorna.

MÍNIMOS ESIXIBLES CUARTO CURSO

- Caracteriza o Antigo Réxime no aspecto social, económico e político.
- Enumera as transformacións do século XVIII, incidindo nas propias do reformismo borbónico en España e América.
- Explica os trazos fundamentais do paso da sociedade tradicional á sociedade liberal e define os rasgos básicos do sistema liberal.
- Analiza os cambios que conducen á crise do Antigo Réxime e ás revolucións liberais, así como a súa repercusión en España.
- Comprende conceptos como nación, Estado, país, democracia, sistema parlamentario, dereitos individuais, sufraxio universal e constitución.
- Coñece de forma sinxela as distintas fases políticas da España do século XIX.
- Fai exercicios de localización mediante a elaboración de mapas históricos e xeográficos.
- Comprende as transformacións socioeconómicas que acompañan á Revolución Industrial.
- Comprende os conceptos de: economía de subsistencia, economía de mercado, oferta e demanda, sociedade por accións, etc.
- Analiza textos, mapas, prensa, gráficos, pintura, caricatura, etc., como medio de estudo e coñecemento dun contexto histórico determinado.
- Analiza as causas do colonialismo europeo do século XIX e valora as súas consecuencias.
- Identifica e localiza xeográficamente os principais imperios coloniais do século XIX.
- Coñece as causas, desenvolvemento e consecuencias da 1ª Guerra Mundial.
- Coñece os feitos máis relevantes da Europa de Entreguerras (por exemplo o crack do 29, a Sociedade de Nacións, ...).
- Identifica os trazos característicos das ideoloxías fascistas.
- Analiza e valora criticamente as causas e consecuencias da 2ª Guerra Mundial.
- Analiza a situación española a comezos do século XX, comparándoa coa do resto de Europa.
- Coñece as causas, desenvolvemento e consecuencias da Guerra Civil española.
- Sitúa cronolóxicamente a Guerra Fría e aplica este coñecemento á comprensión dalgúns dos problemas internacionais máis destacados da actualidade.
- Describe as principais transformacións (sociais, económicas, demográficas, políticas e ideolóxicas) experimentadas pola sociedade española durante a dictadura franquista.
- Identifica e descubre os diferentes procesos de descolonización producidos con posterioridade á Segunda Guerra Mundial.
- Coñece as diferentes crises políticas e conflitos bélicos que tiveron lugar no mundo durante o período da coexistencia pacífica.

- Coñece o proceso de construción da unidade europea, comprendendo a súa trascendencia e a participación de España neste proceso.
- Analiza o proceso de transición democrática en España, situando nel a Constitución de 1978, destacando a súa proxección na vida pública e na articulación territorial do Estado.
- Valora os principios e as institucións básicas dos sistemas democráticos e recoñéceos na vixente Constitución Española.
- Identifica e diferencia as principais tendencias artísticas dos séculos XIX e XX.
- Analiza e comenta obras artísticas, encadrándoas no movemento correspondente.
- Elabora eixes cronolóxicos, resumos, esquemas, informes, mapas temáticos e gráficos.
- Obtén información explícita e implícita de distintas fontes, en especial dos medios de comunicación, trátala de maneira autónoma e crítica e comunícaa ós demais de xeito organizado e intelixible.
- Realiza un pequeno traballo de investigación de carácter descriptivo sobre algún feito ou tema local que implique o emprego de técnicas de obtención, procesamento e comunicación da información.
- Coñece o significado de termos históricos e artísticos e emprégao axeitadamente.
- Identifica, describe e clasifica distintos tipos de fontes históricas.
- Valora e respecta o patrimonio histórico-artístico.

METODOLOXÍA

Para acadar os obxectivos propostos a primeira condición é a de dinamizar a aprendizaxe: a clase debe ser activa.

En primeiro lugar debe ser activa porque así o require unha aprendizaxe significativa, crítica, que implique a reflexión, e, en segundo lugar, porque a pasividade desmotiva.

Como quera que toda actividade intelectual para ser fructífera require unha disposición positiva, unha actitude aberta por parte do alumnado, a motivación ocupa un lugar importante. O logro da necesaria motivación procurarase tanto a través dunha selección e presentación adecuada dos contidos, como dun desenvolvemento atractivo e estimulante da propia acción educativa.

Por outra banda, a toma de conciencia do alumnado do seu propio progreso paulatino na adquisición de habilidades e destrezas servirá como reforzo motivacional.

Dado que o punto de partida en todo proceso de ensinanza-aprendizaxe debe ser a constatación das nocións que o alumnado ten sobre o tema a tratar, o profesor/ra con cada unidade fará unhas preguntas sobre a mesma, para saber de onde temos que partir e promover a participación do alumnado.

Partindo sempre do nivel dos alumnos/as, o profesor/a fará unha primeira aproximación ó tema, tratando tanto de interesar ó alumnado nel como de establecer as coordenadas básicas dunha visión global do mesmo. Esta acción involucra tamén ós alumnos e alumnas de xeito activo a través de interpelacións, respostas, valoracións, etc., sobre o tema en cuestión. Procurarase explicar de maneira clara e concisa os conceptos fundamentais para facilitar a aprendizaxe por parte do alumnado. Estas

explicacións irán acompañadas de esquemas no encerado, de recursos dixitais, presentacións e vídeos, segundo proceda.

Unha vez aclarados os conceptos e establecido o interese e sentido global do tema, os alumnos/as realizarán as actividades e traballos complementarios de aplicación e indagación que lles permitan asimilar os novos conceptos e procedementos e, en definitiva, aplicar o que aprenden á comprensión da realidade circundante. Traballaranse procedementos de lectura comprensiva, síntese, selección de contidos e imaxes e exposición oral dos temas. Os traballos en grupo e a súa posta en común servirán para fomentar a cooperación e o respecto no alumnado. As actividades propostas serán corrixidas na clase cando todos as teñan rematado. Se non dese tempo a realizar todas as tarefas na aula terán que rematalas na casa.

Así pois, o profesor desenvolverá diferentes estratexias que contemplan a diversidade do alumnado e as súas características individuais, combinando basicamente as estratexias expositivas coas de indagación, sempre na procura de conseguir unha aprendizaxe significativa.

O cambio de escenario a un **ensino non presencial** obrigará a un cambio na metodoloxía mediante a utilización de medios telemáticos.

Cunha periodicidade semanal enviaránselle ao alumnado unha serie de tarefas a realizar, preferentemente a través da aula virtual do centro. Ditas tarefas terían distinto grao de dificultade a fin de poder atender á diversidade do alumnado. Para facilitar a súa realización estas actividades irían acompañadas de recursos dixitais, vídeos ou apuntamentos, segundo proceda. Poderase nalgún caso enviar individualmente as tarefas á dirección do correo electrónico facilitada por cada alumno /a. A corrección das tarefas realizarase na aula virtual ou a través do mail do alumno /a.

Realizaranse sesións virtuais semanais nas que o profesor /a fará unha primeira aproximación ao tema, aclarando os conceptos fundamentais do mesmo e explicará a metodoloxía de traballo. Noutras ocasións estas sesións servirán para reforzar os puntos débiles do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Manterase un contacto permanente coa titora de cada grupo para darlle a coñecer a evolución académica do alumnado así como para intentar que o impacto emocional que unha nova situación de confinamento puidera provocar nel sexa o menor posible. Igualmente, calquera problema que puidera xurdir cun alumno ou alumna canalizarase a través da súa titora.

No suposto en que parte dunha aula estivera confinada seguiríase unha metodoloxía semellante: tarefas na aula virtual do centro e reforzo a través de videoconferencias.

ACTIVIDADES

Dentro de cada unidade as actividades teñen un peso específico, tanto cualitativamente como polos obxectivos que se pretenden acadar con elas.

Non podía ser doutro xeito dentro dunha metodoloxía activa para conseguir aprendizaxes significativas, a partir da propia experiencia, mediante a construción persoal dos coñecementos.

As actividades a desenvolver agrúpámolas da seguinte forma:

Actividades de motivación e exploración dos coñecementos propios: para presentar e interesar.

Actividades de comprensión e asimilación: para adquirir competencias básicas, coñecer conceptos novos, traballar procedementos e fomentar actitudes.

Actividades de reforzo: propostas polo profesor/a para aqueles alumnos que presenten resultados incorrectos. Son actividades consideradas de recuperación.

Actividades de ampliación: pensadas para aqueles alumnos/as que levan correctamente a marcha do curso. Presentan un maior grao de dificultade e consisten na formulación de problemas para reflexionar, empregando os coñecementos adquiridos, e na realización de pequenos traballos de investigación.

Actividades complementarias: refírense a outras actividades extraescolares como saídas á zona da contorna e visitas propostas polo profesor/a ó longo do curso, segundo as posibilidades do centro e que serán amplamente recollidas na memoria de final de curso.

Debido ao reducido número de alumnos en Educación Secundaria do centro, as saídas programaranse sempre para todo o alumnado.

Este curso académico e dada a situación de pandemia na que nos atopamos e os protocolos establecidos pola Consellería de Educación para o seu control este departamento non ten programada ningunha actividade extraescolar. De mellorar a situación epidemiolóxica no futuro ou haber cambios nos protocolos establecidos poderase planificar algunha visita.

MATERIAIS E RECURSOS

Como apoio para traballar utilizaremos respectivamente en 1º, 2º e 3º cursos o libro de texto de Xeografía e Historia da editorial Santillana, e en 4º curso o texto de Historia de Baía Edicións. A Nosa Terra.

Empregaranse tamén libros de consulta accesibles ó nivel dos alumnos/as para que poidan realizar os seus traballos de investigación; os recursos que proporciona a internet; os textos históricos, gráficos e estatísticas, mapas e ilustracións constitúen unha aportación importante para o traballo do alumnado; atlas históricos e xeográficos; información periodística, impresa ou non; diapositivas, vídeos e calquera outro material que poida aportar o profesor/a como láminas, fotocopias, etc.

Sempre que sexa posible a experiencia directa debe ser utilizada como recurso.

No caso dun proceso de **ensino non presencial** empregaríase a aula virtual do centro; o libro de texto; as fichas de tarefas; o ordenador, o teléfono móbil ou semellante para acceder á aula virtual ou ao correo electrónico; todo tipo de recursos dixiais; vídeos; a plataforma Cisco Webex ou similar para conectarse ás sesións telemáticas ás cales se pode acceder a través do computador ou do teléfono móbil.

AVALIACIÓN

A avaliación será do conxunto das actividades realizadas polo alumnado, tanto en forma individual como en equipo, que teñen como obxectivo básico a adquisición das competencias básicas, de novos conceptos, procedementos e actitudes.

O sistema de avaliación estará en consonancia cos cambios na metodoloxía.

Os alumnos/as deben ter un papel importante no proceso avaliador porque coa súa participación poden percibir os avances da súa aprendizaxe e deixarán de considerar a cualificación como un premio ou unha sanción.

O proceso de avaliación será o seguinte:

- 1) **Avaliación inicial ou diagnóstica**, co fin de comprobar os coñecementos previos do alumnado e que será realizada nos primeiros días do curso. Dita avaliación consistirá na realización dunha proba escrita con preguntas breves, mapas, gráficos, etc., que nos permitirá coñecer o punto de partida do proceso de ensinanza-aprendizaxe, así como detectar aqueles alumnos que deben recibir un reforzo na aula.
- 2) **Avaliación formativa ou do proceso**, na que se trata de valorar todo o proceso de aprendizaxe (o traballo cotián), co obxecto de proporcionar a axuda pedagóxica máis axeitada en cada momento.
- 3) **Avaliación sumativa ou global**, que nos permite medir os resultados da aprendizaxe e cerciorarse de si acadaron os obxectivos programados.

. Realizaranse as correspondentes probas de recuperación da materia de cada unha das avaliacións, mediante unha proba escrita.

. Para superar a materia será necesario aprobar as tres avaliacións.

. Na convocatoria extraordinaria de xuño a avaliación realizarase a través dunha proba escrita na que a cualificación non poderá ser inferior a 4,5 puntos para superar a materia.

Procedementos e instrumentos de avaliación e criterios de cualificación

- A observación sistemática (OB) do traballo do alumnado na aula mediante o diario de clase do profesor/a. Este concepto representará o **15 %** da cualificación final.
- Probas específicas (PE) orais e escritas, confeccionadas de modo que respondan á metodoloxía empregada no proceso de ensinanza-aprendizaxe e que estean de acordo coas competencias e capacidades que se desexan avaliar. En cada curso realizaremos unha proba escrita de cada unha das unidades didácticas, proxectos ou temas.

Nas probas parciais da materia deberase obter unha cualificación mínima de 3,5 puntos para a realización da media aritmética.

Non se repetirá o exame a un alumno / alumna que falte o mesmo día sinalado sen unha causa debidamente acreditada mediante unha xustificación.

Ditas probas representarán o **70 %** da cualificación final. Nas probas escritas presentaranse ao alumnado:

- Textos, mapas xeográficos, mapas históricos, planos, gráficas e imaxes para analizar e comentar.
 - Conceptos para definir.
 - Afirmacións para recoñecer a súa veracidade ou falsidade e corrixir as falsas.
 - Ordenar cronoloxicamente feitos históricos.
 - Feitos e conceptos para relacionar correctamente.
 - Propostas para seleccionar a correcta.
 - Preguntas para responder a partir da información do libro de texto e outros medios utilizados.
- A análise das producións do alumnado (APA): os traballos do alumnado realizados individualmente ou en grupo.

No primeiro caso, o caderno de traballo de cada alumno/a para valorar o esforzo, progreso, constancia, orde, limpeza, etc.. No segundo, o grao de participación e colaboración de cada un dos membros do grupo, a realización e presentación de traballos, etc. Estes aspectos representarán o **15 %** da cualificación final.

Para avaliar as producións do alumnado poderanse utilizar as rúbricas.

Así mesmo, o esforzo, o interese, o bo comportamento, a participación e o espírito de colaboración do alumnado serán valorados positivamente. Do mesmo xeito, toda actitude negativa como pode ser o mal comportamento, a falta de interese, a pasividade, a non presentación dun traballo nos prazos indicados ou copiar nun exame, afectará a cualificación final do alumnado negativamente.

- A autoavaliación por parte do propio alumnado, mediante a realización de entrevistas individuais ou en grupo nas que autovalore o seu traballo.
- A avaliación por parte do alumnado de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe mediante enquisas ou cuestionarios.

PROCEDEMENTOS	INSTRUMENTOS
Probas específicas	Abertas
Análise das producións do alumnado	Caderno do alumnado Elaboración e exposición de traballos
Observación sistemática	Diario de clase do profesor Lista de control para as actividades mandadas para casa

PROBAS ESPECÍFICAS	ANÁLISE PRODUCCIÓN ALUMNADO	OBSERVACIÓN SISTEMÁTICA
70%	15%	15%

O cambio de escenario a un proceso de **ensino-aprendizaxe non presencial** conlevaría cambios no sistema de avaliación do alumnado:

- A análise das producións do alumnado (APA): entrega de tarefas individuais ou de grupo. No primeiro caso para valorar non só a asimilación dos novos contidos e a adquisición das competencias clave senón tamén o esforzo, progreso, constancia, orde, limpeza na súa realización e a puntualidade na súa entrega. No segundo, o grao e participación e colaboración de cada un dos membros do grupo e a orde e a claridade na presentación dos traballos. Este aspecto representará o **70%** da cualificación final.
- Probas específicas (PE): realización de probas escritas confeccionadas de modo que repondan á metodoloxía empregada no proceso de ensino-aprendizaxe non presencial e que estean de acordo coas competencias e capacidades que se desexan avaliar. Ditas probas representarán o **15%** da cualificación final.
- A participación en todas as actividades propostas tales como a asistencia ás sesións virtuais semanais e a participación nas mesmas amosando interese e consultando as súas dúbidas tanto en ditas sesións como a través doutros medios telemáticos e a entrega das tarefas realizadas por parte do alumnado serán valoradas positivamente, computando un **15%** na cualificación final. Do mesmo xeito, toda actitude negativa como a non asistencia ás sesións virtuais, o mal

comportamento nas mesmas, a falta de interese ou non entregar algunha das tarefas propostas afectará a cualificación final do alumnado negativamente.

Como instrumentos de avaliación utilizaranse as listaxes de tarefas, ponderándose as mesmas sobre a base dunha escala do 1 ao 10; diario de anotacións de participación nas diversas actividades propostas e listaxes de asistencia ás sesións virtuais.

PROCEDEMENTOS	INSTRUMENTOS
Probas específicas	Abertas
Análise das producións do alumnado	Listaxes de tarefas Diario de anotacións de participación nas diversas actividades propostas
Asistencia e participación nas sesións virtuais	Diario de clase do profesor Lista de control de asistencia ás sesións virtuais

ANÁLISE PRODUCCIÓN DO ALUMNADO	PROBAS ESPECÍFICAS	PARTICIPACIÓN NAS ACTIVIDADES PROPOSTAS
70%	15%	15%

Exemplo de rúbrica para avaliar a exposición oral de traballos:

	EXCELENTE	MOI AVANZADO	SATISFACTORIO	BÁSICO	ESCASO
PRESENTACIÓN	O alumno preséntase de xeito formal e dá a coñecer o tema da presentación e o obxectivo que pretende.	O alumno preséntase de forma rápida e dá a coñecer o tema da presentación e o obxectivo que pretende.	O alumno preséntase de forma rápida e comeza a súa exposición sen mencionar o tema do que trata.	O alumno preséntase sen dicir o seu nome e menciona o tema de forma moi xeral.	Empeza a súa exposición sen facer unha presentación inicial.
EXPRESIÓN ORAL	Utiliza un vocabulario adecuado e a exposición é coherente.	O vocabulario é adecuado e a exposición é clara.	Fáltalle vocabulario e ten algún problema para expresar correctamente as súas ideas.	Manexa un vocabulario moi básico e ten problemas para transmitir con claridade as súas ideas.	Ten un vocabulario moi básico e non logra transmitir con claridade as súas ideas.
VOLUME DE VOZ	O seu volume de voz é adecuado, suficientemente alto como para ser escoitado desde todas as partes da aula, sen ter que berrar.	O seu volume de voz é adecuado e alto para ser escoitado por todos, aínda que, ás veces, cando dubida, baixa o volume.	Non é escoitado por toda a aula cando fala en voz alta, agás se se sente moi seguro e aumenta o seu volume de voz por uns segundos.	O seu volume de voz é medio e ten dificultades para ser escoitado por todos na aula.	O seu volume de voz é moi baixo como para ser escoitado por todos na aula.
EXPRESIVIDADE	As súas expresións faciais e a súa linguaxe corporal xeran un forte interese e entusiasmo sobre o tema nos outros.	Expresións faciais e linguaxe corporal que xeran en moitas ocasións interese e entusiasmo, aínda que algunhas veces se perde e non presenta toda a información.	Expresións faciais e linguaxe corporal que xeran nalgunhas ocasións interese e entusiasmo, aínda que moitas veces se perde e non presenta toda a información.	As súas expresións faciais e a súa linguaxe corporal mostran unha actitude pasiva e non xeran moito interese, pero algunhas veces, cando fala de algo que lle gusta moito, é capaz de mostrar algo de entusiasmo.	Moi pouco uso de expresións faciais ou linguaxe corporal. Non xera interese na forma de falar.
INCLUSIÓN DOS ASPECTOS RELEVANTES	Expón claramente o traballo e achega referencias aos coñecementos traballados.	Expón claramente o traballo, pero non relaciona toda a exposición cos coñecementos traballados.	Expón claramente o traballo, pero non o relaciona cos coñecementos traballados.	Ten dificultade para expoñer o traballo porque non entende os coñecementos traballados.	Non expón o traballo nin coñece os conceptos traballados necesarios para a súa realización.
EXPLICACIÓN DO PLAN DE TRABAJO	Explica cada paso con detalle, con lóxica e cronoloxicamente na orde na que o realizou.	Explica todos os pasos claramente, pero leouse un pouco coa orde.	Explica todos os pasos claramente, pero leouse na orde e foi necesario reorganizalo a través de preguntas.	Presenta dificultade á hora de diferenciar os pasos que deu e necesita axuda para explicalos con claridade.	Non identifica os pasos que deu nin é capaz de reconducir o discurso de forma guiada.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O alumnado é diverso en canto ao seu nivel de desenvolvemento, capacidades, intereses e motivacións; en consecuencia, os ritmos de aprendizaxe son tamén diversos. Esta realidade deberá ser obxecto de atención por parte do profesorado e deberá ter o seu reflexo nos materiais de ensinanza e na metodoloxía.

O profesorado en cada aula deberá diagnosticar situacións de diversidade e buscar alternativas tanto de reforzo como de ampliación que traten de compensar as desigualdades aceptando a diversidade propia de cada grupo.

Segundo as circunstancias, poderase adaptar o material didáctico utilizado, propoñer distintas actividades de aprendizaxe, máis sinxelas para o alumnado con dificultades e máis complexas para o alumnado máis avanzado, acelerar ou desacelerar o ritmo de introdución de novos contidos, dar prioridade a uns bloques de contidos sobre outros, afondar ou ampliar, agrupar o alumnado para o traballo na aula co fin de posibilitar a súa inserción afectiva e efectiva para o desenvolvemento das tarefas de aprendizaxe. O reforzo educativo realizarase, en xeral, dentro da aula pero, se fose necesario, poderase utilizar algún recreo para axudar ao alumnado que teña algunha necesidade.

Concretando, no presente curso académico un alumno de 3º de ESO está diagnosticado de TDH. Neste caso seguiranse as pautas de actuación recollidas a tal efecto no informe psicopedagóxico.

En 4º curso un alumno presenta TEL que se manifesta na área expresiva e principalmente no campo da escritura. Neste caso adoptaranse medidas como respetar o ritmo de expresión escrita do alumno e valorar especialmente a oralidade.

En 2º de ESO unha alumna ven recibindo medidas de reforzo educativo dende os primeiros cursos de Educación Primaria polo que se seguirá aplicando esta medida prestándolle unha atención máis individualizada e recibindo o apoio da profesora de PT nunha das tres sesións semanais.

Naturalmente en todos os casos estas medidas de atención individualizada deberán ir unidas a un traballo e esforzo continuado por parte do alumnado.

PLAN DE RECUPERACIÓN DE PENDENTES

Para facilitarlle ao alumnado a recuperación da materia pendente establecemos un plan no que os alumnos e alumnas que teñan a materia de Xeografía e Historia pendente de cursos anteriores realizarán en cada trimestre unha serie de actividades que deberán entregar ao profesor ou profesora correspondente nun prazo determinado.

Así mesmo, realizaranse probas parciais da materia, como mínimo unha por trimestre. As actividades, xunto coa proba trimestral serán os instrumentos para a avaliación. As primeiras suporán o **40 %** da nota e a proba o **60 %**. Caso de non recuperar a materia coa realización destas actividades e probas parciais o alumnado deberá presentarse ás convocatorias oficiais de probas de recuperación que terán lugar nos meses de maio e xuño.

PLAN LECTOR

A importancia da lectura é multidimensional. Por unha banda, é unha actividade instrumental, práctica, que permite comprender, analizar e utilizar textos escritos para obter información, desenvolver coñecementos, mellorar e ampliar vocabulario, e escribir con maior corrección sintáctica e ortográfica. Por outra, é unha actividade que proporciona pracer e contribúe ao enriquecemento persoal e á socialización, xa que exercita as capacidades de reflexionar, razoar, valorar, argumentar, crear opinión e criticar; tamén desenvolve a atención, a imaxinación e a creatividade; impulsa o gusto por coñecer e acceder a outras aprendizaxes; axuda a descubrir os propios gustos e sentimentos; facilita a comunicación cos demais, e fomenta o ocio creativo.

O profesorado de Xeografía e Historia contribuirá ao plan de fomento da lectura programado polo centro a través dun plan lector básico e un plan de biblioteca, que pretenden conseguir os seguintes obxectivos:

- Promover o interese e o gusto do alumnado pola lectura, tanto dentro da xornada escolar coma no tempo de ocio, de forma que a lectura forma parte da actividade cotiá e se converta nun hábito.
- Incrementar a competencia lectora e desenvolver outras competencias instrumentais a través da lectura, como a ampliación de vocabulario e a capacidade de expresión oral e escrita.
- Conseguir un maior enriquecemento persoal e o desenvolvemento da socialización, exercitando a reflexión, a valoración crítica, a argumentación, a capacidade de argumentación, etc.
- Fomentar o uso da biblioteca como fonte de coñecemento, de aprendizaxe e de gozo persoal, a través da consulta e da lectura de libros ou de artigos científicos e divulgativos.

O plan lector básico concrétese, para cada unidade didáctica, na lectura dun texto inicial e dun ou dous textos complementarios; componse dunha selección de textos divulgativos especialmente adecuados para determinados contidos do curso.

- A lectura inicial encóntrase no propio libro de texto, ao principio de cada unidade didáctica. Pretende ser un texto ameno e motivador que esperte o interese do alumnado polos contidos que

vai aprender e que permita ao profesorado avaliar a competencia lectora e os coñecementos previos dos estudantes.

- As lecturas complementarias figuran en cada unha das unidades, como recurso fotocopiado, e son fragmentos seleccionados de textos, que amplían ou completan as informacións de contido curricular.
- A selección de textos divulgativos con lecturas moi axeitadas para o alumnado de Secundaria. En 2º, 3º e 4º cursos farase fincapé na lectura e análise de textos históricos.

O plan de biblioteca propónse fomentar o uso da biblioteca entre o alumnado. Con este fin:

- Recoméndanse libros ou lecturas de carácter divulgativo.

A metodoloxía da lectura farase de dúas maneiras:

- Lectura polo profesor, en voz alta.
- Lectura individual ou en voz alta polo alumnado.

En calquera dos dous casos, débese fomentar a lectura comprensiva e a busca do significado das palabras descoñecidas, espertar o interese do alumnado e motivalo para afondar no tema e para escribir os seus propios textos.

En canto a avaliación da lectura, combinarase a estratexia de incorporar os contidos das lecturas ás sesións de aprendizaxe na aula, conversando sobre elas, como motivación inicial, ou no transcurso das clases coa realización, polo alumnado, dunha ficha de lectura.

PLAN TIC

A revolución tecnolóxica está provocando cambios sociais tan intensos como rápidos. Educar para a sociedade da información, a sociedade na que se desenvolve a vida dos alumnos, é, por iso, unha responsabilidade ineludible que temos todos os educadores.

As novas tecnoloxías deben formar parte dun proxecto educativo actual. Por unha parte, a aparición de internet supuxo unha revolución na forma de buscar e tratar a información, ata o punto de que se converteu na principal fonte de información para case todos; por iso, cómpre ensinar ao alumnado a manexar internet e a aproveitar as posibilidades que ofrece para a nosa materia. Pero ademais as novas tecnoloxías abren novos camiños para o traballo na aula, que poden resultar motivadores para os alumnos e efectivos dende o punto de vista didáctico.

- Dentro de cada tema dos libros de texto inclúense numerosas actividades con internet, de diverso tipo:
 - Nas actividades “Busca fóra do texto” o alumnado procurará información en fontes externas ao propio libro de texto, na súa maioría a través de internet.
 - Na sección “Practica as túas competencias” o alumnado investigará unha temática concreta extraendo información de distintas páxinas web; noutros casos, traballará a fondo unha páxina web, interesante pola súa relevancia e utilidade cara ao currículo.
 - O alumnado realizará actividades interactivas.

- Os recursos multimedia permitirán facer presentacións audiovisuais para cada tema, con animacións, videos, imaxes, esquemas, textos e actividades, que farán máis rica e interesante a exposición do profesor.

ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Seguindo o Decreto 86/2015 do 25 de xuño este departamento traballará a través dos estándares de cada materia a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional como xa quedou reflectido ao falar das competencias clave, do uso das TICs, do proxecto lector, etc... noutros puntos desta programación.

AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

Indicadores de logro do proceso de ensino

1. O nivel de dificultade foi axeitado ás características do alumnado.	1	2	3	4
2. Conseguiuse a participación de todo o alumnado.				
3. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
4. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
5. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				
6. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
7. Mantívose un contacto periódico coas familias por parte do profesorado.				

Indicadores de logro da práctica docente

1. Como norma xeral , fanse explicacións xerais para todo o alumnado	1	2	3	4
2. Ofrécese a cada alumno / a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Combínase o traballo individual e en equipo.				
4. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
5. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe.				
6. Ofrécese ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
7. Analízanse e coméntase co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección da corrección das probas, traballos, etc.				

AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN

Unha vez finalizado o curso, a programación do departamento de Xeografía e Historia será avaliada conforme aos criterios que indicamos a continuación:

- Se os contidos de cada un dos niveis foron apropiadamente cumprimentados e o grao de adquisición das competencias básicas.
- Valoraranse os motivos dos posibles fallos de cumprimentación.
- Se os obxectivos formulados para cada nivel foron atinxidos ou, cando menos, os obxectivos mínimos.
- Valoraranse os motivos que existan acerca dos fallos para a consecución destes obxectivos.
- Se foi ou non cumprimentada a temporalización que se estableceu.
- Valorarase a metodoloxía utilizada, se foi ou non a adecuada.
- Valoraranse os libros de texto empregados, se se adecúan ou non aos obxectivos.
- Valorarase a cumprimentación das competencias básicas.
- Valorarase a significación dos recursos didácticos empregados na consecución dos obxectivos finais.
- Valorarase a repercusión das actividades do proxecto lector na actitude do alumnado.